



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ORDEN HOSPITALARIA DE SAN JUAN DE DIOS (HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL), PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DESTINADOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE , PARA O EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar con Hogar y Clínica San Rafael o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase Hogar y Clínica San Rafael dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento dos gastos derivados da execución de actividades e programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade , para que as persoas con discapacidade desenvolvan as súas capacidades e poidan levar unha vida o máis autónoma posible e integrada na sociedade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas adultas en situación de dependencia, e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a especificade vén determinada pola exclusividade do proxecto (Plan Resistiremos 2021) , deseñado en función ás necesidades individualizadas dos usuarios do centro, especialidade que dificulta a súa convocatoria pública.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 0



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

